

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Rodolfo Prada, a Lois Tobío Fernández do 23/02/1956

Colección:

Data: 23/02/1956

De:

Rodolfo Prada;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Constitución, 4234 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

26 de Marzo, n.º 1089 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: RODOLFO PRADA].

Mencionados:

Castelao; Pedro Couceiro; Ramón Otero Pedrayo; Manuel Puente; Luís Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Rodolfo Prada, a Lois Tobío Fernández do 23/02/1956

RODOLFO PRADA
CONSTITUCIÓN 4234
Buenos Aires

23 Febreiro 1956

Señor,
Don Luis Tobío,
26 de Marzo 1089,
MONTEVIDEO. (Uruguay)

Benquerido amigo e irmán:

Supoño que o bo amigo Couceiro lle haberá transmitido as miñas felicitacións polo manífico traballo que fixo, a xeito de barudo perpiaño, pra o proieutado Congreso da Emigración Galega. Perfeita e lumiosa cada unha das tres partes. Fixen entrega do traballo ao Consello de Galiza e a todos gostou e alentou moitísimo. Istase traballando encol das fases limiares do proieuto e, no seu intre, se lle informará a vosté o respeito.

Agora teño o gosto de cumprir outro encárrago pra vosté. Trátase do seguinte: da grandeira obra, que patrióticamente financia noso esgrevio amigo Don Manuel Puente, da Historia de Galicia. Como vosté sabe, vense escribindo por un equipo de especialistas, alá na Terra, baixo a dirección de Don Ramón Otero Pedrayo. Xa se recibiron os orixinaes pra os dous primeiros tomos que xa istán sendo impresados. Don Manuel contratou o traballo ca empresa López de ista cibdá (a mesma que fixo o libro "As Cruces de Pedra na Galiza" de Castelao), en 400 e pico de mil pesos. Amáis de elo, os grabados custarán uns 150 mil pesos. Isto lle dará idea da importancia da obra. A edición está ao coidado de Luis Seoane axudado por mín. Agora ben, témolo probrema da corrección das probas, non pola corrección simpre en sí, que se podería faguer doadamente en base a os orixinaes, senón pola necesidade de unificar a ortografía dos varios traballos de difrentes autores. Elo comporta unha responsabilidade que somentes pode ser asumida por persoa autorizada por outa preparación inteleitual e amplo coñecemento da nosa lingua, pois vai tuda a obra en idioma galego. Con Otero Pedrayo tense acordado que se faga a primeira corrección, –e conseguinte unificación ortográfica e lingüística–, eiquí, enviándose a éle a derradeira proba pra sere revisada e conformada alá.

Agora ben, Seoane e máis eu entendemos que vosté é a persoa máis calificada nas terras do Plata pra laboura tan importante. Don Manuel atopou perfeita a elección e fíxome o encárrago de lle escribir propoñéndolle isa colaboración e pregándolle queira aceptala, a base, naturalmente, de lle compensar cos honorarios que correspondan, xa que o traballo será fadigoso e lle demandará tempo que vosté perdería de adicar a labouras periodísticas ou editoriaes que lle rinden beneficios.

A empresa xa entregou as probas dos primeiros traballos: o Prólogo e a Descrición Xeográfica de Galicia, ambos de Otero Pedrayo. Si témola a sorte de que vosté aceite a laboura que lle propomos, enviaríamolle ise material seguidamente. Prégolle, pois, nos favoreza ca súa resposta,

o máis axiña que lle sexa posíbele.

Aproveito gustoso a oportunidade pra o saudar moi cordialmente, aftmo. s. s. amigo e irmán,

R. Prada [sinatura autógrafa]

P/D.- Eu permítome apelar afervoadamente ao seu patriotismo galego pra que faga o sacrificio de aceptar o encárrago.

R. Prada [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.